



PARAMOS

Na antigüidade era coñecida esta parroquia co nome de Paramos como consta da escritura citada sobre Soutelo de 1º de Decembro de 1156, pero despois cambiando a e en a Sixose Paramos. O Rei Dn. Fernando 2º de León co seu fillo Dn. Alonso deu ao Bispo de Tui no ano 1180 a metade desta Igrexa e Coto. Despois o referido Dn. Alonso, sendo xa Rei, volveu a dar no 1206 ao mesmo Prelado canto tiña en Paramos, o que se confirmou anos despois no 1228. Celebra por Patrón desde as máis remotas idades a Sn. Xoán Bautista, a quen lle teñen a festa no día da súa natiuidade 24 de Xuño. A súa poboación é de 95 veciños que están suxeitos polo contencioso ao Xuíz de Tui, e polo político e gubernativo ao de Salceda. Os seus décimos están computados en 11.000 reais anuais que leva por enteiro a Dignidade de Tesoureiro da nosa Catedral co cargo de poñer e dotar aquí cura, que é o único Párroco dela. Ten Casa Reitoral e pequeno lugar dun ferrado de pan en semente. Hai en Paramos unha Capela pública dedicada a Sn. Caetano. Tivo na antigüidade unha torre de señorío, da que fan mención algunhas escrituras antigas, e aínda chaman ao sitio onde existiu o lugar da Torre. Confina esta parroquia co Miño; e dista da capital un cuarto de legua.” (Ávila y La Cueva, 314).



SAN SALVADOR



Igrexa parroquial

D. Beltrán, que foi bispo de Tui entre os anos 1173 e 1187, conseguiu do rei de León Fernando II moitos favores mentres asistía ao Concilio celebrado en Salamanca, entre eles, no ano 1180, a metade da igrexa e coto de Paramos, segundo consta nunha escritura que se conserva no Tumbo da Catedral no folio 78.

Isto danos unha idea da antigüidade que ten a parroquia da que estamos a falar.

O rei Alfonso IX, fillo de Fernando II, confirma nunha escritura do ano 1206 a doazón que fixera o seu pai a igrexa de Tui das posesións que tiña en Soutelo e Paramos ao bispo D. Suero (1206-1215).

E volve confirmala o 15 de agosto de 1228, na súa estancia en Benavente, sendo bispo D. Esteban Egea (1217-1239).

A **igrexa actual** (145) data do ano 1692, segundo unha inscrición que hai no lintel da porta principal.

A fachada principal, ao oeste, é de gran sinxeleza e mostra o paramento totalmente liso ata a cornixa que se eleva dende os extremos ata a cruz de remate colocada sobre un cubo de pedra no centro da mesma.

A porta é rectangular co único adorno dunha moldura en todo o seu perímetro. Pódese observar a modificación que sufriu, pois no seu contorno mostra un arco de medio punto que foi recheo.

No centro do paramento hai unha pequena ventá rectangular de dobre derrame.



Nos extremos da cornixa mantén pináculos piramidais.

No seu lado norte ergueuse, no século XVIII, a torre. A súa base é cadrada e preséntase como formando tres corpos. O inferior divídese cunha moldura que está á altura da ventá da fachada principal. No segundo corpo ten unha pequena ventá rectangular para dar luz no acceso ao campanario. Sobre unha cornixa voada con moldura de bocel érguese a torre de campás, con arcos de medio punto abertos en cada un dos lados. Cérrese cunha moldura similar, con pináculos piramidais nas esquinas, que sustenta un cubo sobre o que apoia a cuberta rematada en cruz metálica con veleta.

O paramento do lado norte só ten o adorno da cornixa de sustentación do tellado.

No lado sur ábrese unha pequena porta rectangular no centro do paramento, e unha ventá de dobre derrame ao final do mesmo, case na xuntura coa capela maior.

A capela maior é máis estreita ca nave, pero continúa a mesma cornixa de apoio do tellado ata o paramento leste. No lado sur mantén unha ventá de dobre derrame que dá luz ao presbiterio. No lado norte adosóuselle a sancristía de menos altura.

No paramento leste remátase cunha cornixa similar á da fachada, sen pináculos e con cruz no remate.

O tellado da igrexa é a dúas augas o mesmo que o da sancristía.

O **interior** (147) presenta unha soa nave co piso de pedra e unha tarima de madeira para os bancos. Hai un zócalo de pedra serrada circundándoa e sobre el a parede enfuscada e pintada en branco. A teitume é de madeira en curva.

Nos paramentos abríronse dous arcos enfrontados para acoller neles os retablos laterais.

Un arco de medio punto, que mantén a pedra de cantería, dá paso ao presbiterio, co piso de pedra e as paredes tamén en pedra vista. A teitume é similar á da nave.

O paramento leste ocúpao completamente o retablo maior. Está apoiado sobre un sotobanco de pedra labrada feito recentemente, cun adiantamento na parte central, e dividido en cuarteiróns.

É un retablo de tres rúas coa central adiantada sobre as laterais por medio dun ángulo formado con tableiros que as unen.

A predela contén os machóns sobre os que se apoian as catro columnas salomónicas que enmarcan as rúas laterais. Na parte central pártese para acoller o **sagrario** (148) entre os apoios dos estípites da fornela central. Na súa porta un relevo presenta a Cristo Resucitado.





As fornelas das rúas laterais son planas, polo que na predela susténtanse as peañas nas que se apoian as imaxes, adornadas con follaxe, igual que o resto da predela. Nos machóns destaca unha flor en cada un.

O arco das fornelas é de medio punto e enriquecése o seu marco cunha moldura que ascende formando un debuxo en cóbado para ocupar o espazo plano entre a fornela e a cornixa superior. Os taboleiros exteriores, ata a parede, están adornados con vexetación e os que chegan á rúa central con follas, flores e froitos en acios. Ocúpanse coas imaxes, de moi boa factura, da **Inmaculada (149)** e de **S. Xosé (150)**.

A cornixa de separación do ático pártese en cada rúa lateral para colocar unha peaña plana profusamente adornada de follaxe pola parte inferior, para pousar a plomo enriba dela outra imaxe. Aquí están S. Antón e S. Bieito.

A rúa central enmárcase con dous estípites que soportan un dobre arco de medio punto. Dentro del está a fornela central tamén con arco de medio punto. Debido ao adiantamento producido dende as laterais, esta fornela é fonda. Nela colócase o **Patrón, S. Xoán Bautista (146)**.

Sobre o arco, xa no ático, hai outra fornela fonda con arco de medio punto partido no medio para que se poidan apreciar os cinco casetóns que coroa o retablo. Esta fornela está ocupada pola imaxe de **S. Roque (151)**. O remate de follaxe queda suspendido a pano coa teitume de madeira do presbiterio.

Toda a imaxinería deste retablo, menos a figura do patrón, son barrocas, en talla de madeira e de moi boa factura, non desmerecendo ningunha delas o lugar preeminente que ocupan.

Xunto ao arco triunfal, facendo de **ambón (152)** para a lectura, está parte dun antigo púlpito, que foi recuperada polo párroco actual. É unha soa pedra con curvatura e na que se representan en relevo na súa cara externa, entre as molduras superiores e inferiores, símbolos da Paixón: a escada, as tenaces e o martelo. (Outra parte, que serviu de canle para o rego no seu tempo, fai actualmente a mesma función na igrexa de Soutelo).

No paramento norte da nave está o **Retablo do Carme (153)**.

É un retablo dos denominados marco, igual que o do Cristo situado enfrente, para representar unha soa imaxe central, aínda que neste colocáronse dúas peañas nas pilastras para outras dúas imaxes.

A súa planta é cóncava, cun banco de forma poligonal formado de tres paneis con dúas pequenas pilastras que sustentan as peañas laterais.



No centro do banco sitúase o pedestal que se adianta sobre o altar e ascende para ser a base da imaxe principal: a Virxe do Carme.

Nas partes máis extremas, xa fóra do altar actual, hai ménsulas con motivos vexetais que serven de apoio aos dous estípite que cerran o retablo nos laterais.

No interior e na parte superior, está o dosel do que colga a gran cortina que fará de fondo ás imaxes, e para darlle maior amplitude mantéñeno aberto dous anxos, chegando case ata o altar.

As peñas laterais ocúpanas con S. Brais e Sto. Antonio.

Cérrase o conxunto cun arco de medio punto abucinado mostrando no seu interior sete casetóns con adornos vexetais, diferenciándose o central no que se forma unha especie de espello no centro dos adornos.

Na rosca do arco había tres tarxas. Unha lateral partiu, quedando soamente a súa base. Na central, de maior tamaño, superponse o escudo do Carme coroado e sendo mostrado por dous anxos.

No libro da Confraría do Carme da parroquia consta que no ano 1768 tiveron, entre outros, os seguintes gastos que fan referencia a este retablo:

- 160 reais supuxo a apertura do arco no paramento.
- 100 reais do acimbre.
- 900 reais como pago do retablo.

E no ano 1770 pintouse o retablo e o frontal do altar, custando 800 reais.

Mágoa que non teñan anotado o nome do escultor nin o do pintor.

En fronte ao do Carme atopamos o **retablo do Cristo** (154).

Segue o mesmo esquema do anterior facendo un retablo-marco para presentar a paixón e morte de Xesús.

Planta cóncava, cunha predela con dúas pilastras sobre as que apoia o cadro que fai de fondo á imaxe do crucificado, exenta e colocada directamente sobre o altar con base en forma de montículo onde asenta a cruz.

Non ten os estípite exteriores, xa que o marco vai estar ocupado con medallóns nos que se presentan escenas da Paixón.

No interior e na parte alta hai un dosel do que penden as cortinas abertas por dous anxos.

O fondo é a pintura de óleo sobre madeira no que se representa a cada lado da cruz á Virxe Dolorosa e a S. Xoán coa cidade de Xerusalén no horizonte.





O arco de cerre é similar o do retablo do Carme, abucinado e cos sete casetóns, o mesmo que as tarxas, onde tamén falta unha delas.

Os medallóns son nove e van alternando distintos momentos da Paixón a cada lado: a Oración en Xetsemaní, o **Prendemento e bico de Xudas (155)**, a Coroación de Espiñas, a Flaxelación, Xesús ante Pilato, a subida ao Calvario, o Cireneo, Xesús despojado das súas roupas, e no centro a **Crucifixión (156)**, sobre a tarxa central e con dous anxos aos lados mostrándoa.

O autor e a data parecen os mesmos que do retablo do Carme.

Na Confraría do Carme consta que a pintura fíxose no ano 1787, e pagáronse por ela 300 reais.

Xunto á porta lateral, polo exterior, hai unha placa con esta inscrición: "INEM. OBRA RESTAURADA POLA ESCOLA OBRADOIRO DE TUI 1996-1997". Fai referencia á restauración dos retablos que esta Escola Obradoiro levou a cabo cando realizaba prácticas cos seus alumnos.

Tamén ten boa platería. O punzón dos prateiros de Tui, Simón Antonio Pérez de la Rocha (1722-1769) e Francisco Borrajo de Castro, da mesma época, atópanse nun cáliz o do primeiro e na **crux parroquial (157)**.

Aínda que na **macolla (158)** da mesma aparece a seguinte inscrición, co nome do autor e a data: “XPTOBAL DE MATOS ME ISO AÑO DE 1612 CIENDO BICARIO ANTONIO DA ROCHA Y CASTRO”.

É unha cruz latina de brazos rectos con salientes centrais polos espellos e con terminacións trilobuladas a modo da Cruz da Trindade. A superficie còbrese de decoración renacentista e formas xeométricas.

Medallóns circulares nos extremos dos brazos cos evanxelistas e cuadrón central co Sol, a Lúa e as estrelas.

A figura do crucificado é de prata sobredourada e está traballada en vulto redondo sosténdoa con tres cravos.

A macolla ten unha estrutura arquitectónica dun só corpo, coas seis caras con arcos de medio punto para cobixar as imaxes de apóstolos en relevo.

As caras sepáranse con columnas dóricas rematadas en pináculos piramidais e con bola. Na placa superior ten a inscrición á que fixemos referencia, e no encaixe para o pé da cruz esta outra: “SOI DE LA FELIGRESIA DE PARAMOS”.

As súas medidas son 95x50 cm.

Pero a peza máis antiga de prata é un cáliz con esta gravación no pé: “ESTE CALIS MANDO AZER DE LIMOSNAS INES AFONSO HERMITANA DE SAN CAETANO EN EL ANO 1602”.

No lugar chamado La Cancela, cerca da igrexa, hai un cruceiro do ano 1758. A súa base é un cubo no que pola parte dianteira ten un relevo coa caveira e as tibias cruzadas baixo ela, a inscrición da data, e outros datos que non foi posible descifrar.

O fuste comeza en cadrado e ten labrados símbolos da paixón: a escada, un martelo e a funda cos cravos. Logo ascende coas arestas moi rebaixadas facendo case un octógono. Ten sinais de estar rompido e pegado. A peza superior fórmase cos brazos da cruz e o tope unidos. Ten a mesma feitura que a parte superior do fuste, pero insértase en cada un deles un rectángulo en baixo relevo para resaltar a cruz. Rematan en cadrado e cun budoque saíndo na punta. No centro ten a coroa de espiñas.

Capela de S. Caetano

Situada no barrio do mesmo nome.

A edificación actual foi construída sobre unha antiga capela alí existente e fíxose no ano 1927, como consta na súa fachada principal.





Ten unha soa nave de piso de pedra, paredes enfuscadas e pintadas, teitume de madeira e tribuna. Hai dúas portas de acceso: a da **fachada principal (159)**, no oeste, e outra de servizo no lado norte.

Na fachada principal, a porta é apuntada. Ten un óculo central cunha vidreira sinxela. Unha cornixa ascende ata a base da espadana, de un só oco para a campá. Remátase con cruz pétrea e dous pináculos piramidais.

No interior presenta un pequeno retablo. No centro da predela ten o Sagrario. Consta de corpo con tres rúas e ático.

A fornela central ocúpaa o patrón, **S. Caetano (160)**, e as laterais a Virxe de Fátima e Sta. Marta. Na fornela do ático hai unha imaxe da Virxe da Aparecida.

A imaxe de S. Caetano é unha talla de madeira, que adaptaron para poder vestila, co que perde bastante valor.

No adro da capela hai un fermoso **cruceiro (161)**.

Sobre dous chanzos de pedra, colócase o cubo da base que se adorna nas esquinas superiores con caveiras e no centro con tibias.

A base do varal é cadrada cambiando enseguida a redonda. No primeiro tercio ten unha moldura en todo o contorno para separalo do resto, xa que se vai adornar con relevos dos símbolos da paixón, continuando logo liso.

O capitel fórmase con follas de acanto e flores tetrapétalas centrais en cada unha das caras.

No anverso está a imaxe de Cristo, coa cartela enriba e os pés tocando o capitel. No reverso hai unha Piedade, a Virxe con Cristo morto nos seus brazos.

O movemento da JUM (Xuventude Unida en Marcha) edifica nesta parroquia un **centro de espiritualidade** (162) para encontros, celebracións, convivencias... Púxose a primeira pedra no ano 1995 e está en fase avanzada de construción.

FESTAS E ROMAXES DE PARAMOS

- San Xoán: 24 de xuño.
- San Caetano: Domingo seguinte ao 7 de agosto.



161



162